

RESOLUCIÓN do 23 de novembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros para participar en varios programas enmarcados dentro do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22, e desenvolto en colaboración coa Fundación Galicia Obra Social.

Co obxecto de dar continuidade aos programas do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende para o curso 2021/22,

DISPOÑO:

Primeiro. Que no portal de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<https://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende>) estarán dispoñibles os programas, coas súas correspondentes convocatorias, enmarcados dentro do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22, e desenvolto en colaboración coa Fundación Galicia Obra Social.

- Grand prix financeiro.
- La loca aventura del ahorro.
- Implantación de ferramentas de medios de pagamento na FP.
- Preparados para o salto.
- Seguramente.

Segundo. Que o prazo para presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao de publicación da convocatoria no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).



Terceiro. Que os centros deberán presentar a/s solicitude/s do/s programa/s nos que desexen participar a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal. Para isto deberán ter en conta as indicacións establecidas en cada unha das convocatorias dos diferentes programas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

